




día do peón

O día do peón foi o día 11-9-07.
Foi un día moi interesante xa que todos os alumnos do colexio Santa María intentamos rodar os peóns.
Os alumnos do colexio estamos desexando que volva a ser este ano.



día do magosto

O día do magosto foi o 9-11-07.
Enchémonos de castañas e leite.
Estivémos toda a mañá no recreo xogando e cantando.
Na clase, todos os alumnos do colexio pintamos debuxos e manteis onde comemos as castañas.

NADAL

- Os de infantil cantaron panxoliñas.
- Os de 1º e 2º de primaria fixeron unha obra teatral.
- Os de 3º de primaria cantaron e bailaron a canción: "Os animais de 2 en 2".
- Os de 4º fixeron unha obra e tocaron instrumentos.
- Os de 5º bailaron varias cahcións.
- Os de 6º tocaron instrumentos e as nenas bailaron unha canción do Nadal.
- Ao final viñeron os Reis Magos e trouxeron agasallos para os nenos e nenas de todo o colexio.


¡Foi un día estupendo!

C EIP SANTA MARÍA

Este ano no colexio, deseñamos un concurso de postais de Nadal para ver quen a mandaba de felicitación a outros colexios. Todos os nenos-as na hora de informática empezamos a facelas nos ordenadores. Cando todas as postais estiveron rematadas os

profesores elixiron a que máis lles gustaba.

Elixiron a postal dun neno de 6º. 2007



BO NADAL

David 6º

Un percorrido das conmemoracións feitas
ao longo do curso resumido polos nenos e nenas
de 6º na clase de informática.

Día da paz

O 30 de xaneiro celebrouse o Día mundial da Paz. Fixemos dous murais, un de chapas co debuxo dunha pomba e outro no que todos os nenos e nenas criticábase, propoñíase e felicitábase.

Tamén artellamos un baile do Día da Paz moi divertido no que participaron todos os nenos e profesores. E por último elaboramos outro mural con fotos de moitas persoas de todo o mundo.



Deporte escolar



Este ano volvemos a participar no deporte escolar, unha competición na que participamos os colexios públicos de As Pontes. No deporte escolar hai varias categorías: A e B. Nos participamos na categoría B. Competimos contra A Magdalena o día 23 de Xaneiro, no que gañamos, o día 13 de Febreiro, contra o Monte Caxado, que perdimos e o 25 de Febreiro contra A Fraga, no que empatamos e no 26 de Marzo competimos en atletismo e natación cuns resultados moi bos. Estivemos moi nerviosos, porque so tiñamos opcións de pasar as competicións provinciais se gañábase a todo e iso era moi complicado posto que Monte Caxado é moi bó. Nas competicións de deporte escolar competimos a voleibol, badminton, fútbol, proba cultural, balonmán e baloncesto. Nós pasámolo xenial, polo menos os de sexto.